

## SOLICITUDE DE PERMISOS A TRAVÉS DE FIDES


A presente guía ten por obxecto facilitar a cumprimentación de solicitudes de permisos a través do portal FIDES.

As solicitudes tramitadas por este medio pasarán automaticamente a unha caixa de correo na Dirección de Recursos Humanos, onde se procederá á súa validación ou rexeitamento.

Unha vez validada ou rexeitada a solicitude, o profesional poderá ver o estado da mesma no seu FIDES. En caso de rexeitamento, este irá acompañado do motivo do mesmo.

### Xeración dunha solicitude de permiso:


#### 1. Acceder a FIDES



#### 2. Premer no icono de “Solicitudes”




### 3. Premer no apartado de “Permisos”



### 4. Na ventá de Permisos que aparece, cumprimentar os seguintes campos:

- “Solicitud de” e “Período que comprende a solicitud”
- No caso de que o permiso sexa por horas, cumprimentar o apartado “Intervalo de horas”
- En aqueles permisos que estean limitados a un número de días/horas por ano, cumprimentar “Año de imputación”
- Cumplimentar a localidade na que se realiza a solicitud



5. Premer no icono de “Gardar”
6. Imprimir a solicitude, asinala e pasala á sinatura do mando intermedio
7. Entregar a solicitude no xeito ordinario (Dirección de Recursos Humanos / Mando intermedio)

### **Comprobación do estado dunha solicitude:**

Na parte inferior da pantalla atópase a relación de permisos solicitados recentemente.

A quinta das columnas da información amosada fai referencia ao estado da solicitude. O mesmo pode ser:

- **Pendente:** A solicitude aínda non foi tratada no departamento encargado da súa validación
- **Aceptada:** A solicitude foi tratada e o permiso solicitado concedido
- **Rexeitada:** A solicitude foi tratada e o permiso solicitado foi denegado
- **Cancelada:** A solicitude foi cancelada a petición do profesional

Xunto a cada unha das solicitudes figuran os seguintes iconos:



Eliminar solicitude



Imprimir solicitude



Ver datos da solicitude

Premendo sobre o icono “Ver datos da solicitude” pódese acceder ás observacións feitas, no seu caso, polo departamento encargado do tratamento do permiso. No suposto de rexeitamento da solicitude, pódese ver a motivación da denegación.


## CONSULTA DE PERMISOS

Nesta opción podes consultar o listado dos permisos solicitados ó longo da túa traxectoria profesional en calquera centro no que tiveras vinculación. E o resumo dos que levas disfrutados no ano de consulta.

### 1. Premer no icono “Consultas”



### 2. Acceder ao apartado de Permisos



PERMISOS	DIETAS	VINCULACIÓNS	BORRADOR RENDA	PERFIL ACIS
Listado dos permisos solicitados pola/o profesional ó longo da súa traxectoria. Dende aquí se poderá consultar todos os permisos solicitados en calquera centro no que tivera algún tipo de vinculación.	Listado de dietas asociadas ás/os profesionais. Para os centros que teñan o sistema dispoñible, permite ver o detalle das dietas tramitadas.	Información relativa ós vínculos das/dos profesionais cos centros. Únicamente móstrase unha listaxe de vínculos e non representa un borrador de servizos prestados. Para a consulta dos Servizos, é necesario acceder o expediente electrónico.	Servizo de consulta do borrador da renda do último exercicio fiscal.	Acceso ao perfil persoal de formación do profesional. Permite buscar actividades formativas e inscribirse nelas directamente, así como consultar o seu histórico de formación.

3. Acceso a información relativa aos permisos disfrutados no ano de consulta tanto de forma detallada como un resumen do cómputo por tipo de permiso.

**PERMISOS**

**CRITERIOS DE BUSCA**

Centro: EOXI A Coruña | Motivos: Todos

Periodo desde: | ata: | Anos Imputación: 2017

**BUSCAR** **LIMPAR**

**RESULTADO DA BUSCA**

CENTRO	PERMISOS	DATA INICIO	DATA FIN	DÍAS (1)	HORAS	ANOS IMPUTACIÓN
EOXI A Coruña	OUTROS PERMISOS CON SOLDOS(COMPENSACION DE JORNADA)	28/04/2017	28/04/2017	1		2017
EOXI A Coruña	OUTROS PERMISOS CON SOLDOS(COMPENSACION DE JORNADA)	12/04/2017	12/04/2017	1		2017
EOXI A Coruña	P.CURSOS FORMACION(P.CURSOS FORMACION)	27/04/2017	27/04/2017		7	2017
EOXI A Coruña	P.CURSOS FORMACION(P.CURSOS FORMACION)	23/04/2017	23/04/2017		7	2017
EOXI A Coruña	P.FALECEMENTO FAMILIAR(P.FALECEMENTO FAMILIAR)	27/01/2017	27/01/2017	1		2017

Mostrando 1 a 5 de 5 resultados | Resultados por página: 10

**RESUMO - TOTAL DE DÍAS / HORAS POR PERMISO**

PERMISOS	ANOS IMPUTACIÓN	DÍAS (1)	HORAS
OUTROS MOTIVOS CON SOLDOS	2017		2
P.CURSOS FORMACION	2017		14
P.FALECEMENTO FAMILIAR	2017	1	

(1) Os días foron calculados ata a data actual  
Os datos amosados son os dispoñibles actualmente nos sistemas de información